



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE DOUS XEFES DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL POR OBRA OU SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA.

Vista a Resolución da Alcaldía núm.437/2017, de data 04/05/2017, pola que se aproban as bases de selección de dous(2) xefes de brigada e oito (8) peóns para as brigadas de prevención e defensa contra os incendios do Concello de Vimianzo e na que se declarou a urxencia e necesidade para contratar ao persoal das brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 667/2017 de data 21/06/2017 pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para a selección de dous xefes de brigada para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo.

Celebradas as probas previstas nas bases, e vistas as actas do tribunal, en concreto a acta núm. 4 no que respecta á proposta de contratación, que, entre outros, sinala: *"(...) Vistas as puntuacións outorgadas durante o proceso e a non procedencia do cambio das puntuacións de Javier García Lema, e que o candidato a xefe de brigada, Manuel Martínez Ventura comunicou por teléfono que iba traballar a Carballo e non lle interesaba o posto en Vimianzo, o tribunal propón a contratación das seguintes persoas: (...)"*

XEFES

1	GARCÍA LEMA, JAVIER	76366900T
2	BLANCO TOURIÑO, MARUXA	79312560G

As puntuacións provisionais estiveron expostas ao público mediante publicación no taboleiro municipal de edictos e na páxina web municipal.

Consta informe do funcionario do Rexistro Xeral, de data 30 de xuño de 2017, respecto da presentación de alegacións ás puntuacións provisionais, no que indica que o Sr.García Lema presentou alegación (RE 4045).

Visto o informe emitido pola secretaria e a presidenta do tribunal ao respecto das alegacións presentadas, no que conclúen que *"(...)a presidenta e a secretaria do tribunal revisan as puntuacións outorgadas e considérase que é correcta xa que na documentación entregada dentro do prazo non figuraban os documentos que fixeran posible comprobar o tempo traballado na totalidade dos contratos presentados(...)"*

Vistos os informes médicos de data 30/06/2017 (RE 4122 e RE 4127) no que se consideran aptos para o desempeño do seu posto ao Sr.García Lema e a Sra.Blanco Touriño, respectivamente, emitido en cumprimento do establecido na base sétima das bases que rexeron o proceso de selección.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:



Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas polo Sr. García Lema, polos motivos expostos nos antecedentes.

Segundo.- Dispoñer a contratación das seguintes persoas, para o posto de xefe de brigada para a brigada prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo, a partir do 1 de xullo de 2017, cunha duración de tres meses, a xornada completa (40 horas semanais), de luns a domingo, baixo a modalidade de contrato laboral por obra ou servizo determinado, cunha retribución de 1.589,84 euros brutos mensuais (salario+pagas extras):

-D.Javier García Lema, DNI núm.76366900T

-D^a.Maruxa Blanco Touriño, DNI núm.79312560G

De acordo co establecido na base terceira, o contrato ou obra determinada recibirá a denominación de “capataz para coordinar unha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Vimianzo para colaborar no PLADIGA 2017” e establecerase un período de proba de 15 días.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos servizos económicos municipais e á asesoría “Luis Fernando SL” de Vimianzo, para a súa alta na Seguridade Social e demais efectos oportunos.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos interesados, ordenar a súa publicación no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, para os efectos da súa publicidade, e dar conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria acumulada, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria acumulada